

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Hermandad Gallega de Valencia coa finalidade de contribuír a atención das necesidades socio-asistenciais básicas da cidadanía galega acollida no centro de día de Valencia (Venezuela)

Á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración correspóndelle, entre outras, a competencia das relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A súa vez, o artigo 49 do antedito decreto determina que a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno e, entre outras, as relacións e o apoio ás persoas e ás comunidades galegas no exterior, así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento, as competencias recollidas na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, e as atribuídas á comunidade autónoma na Lei 40/2006, do 14 de decembro, do estatuto da cidadanía española no exterior, en particular, as que melloren o benestar social e a calidade de vida da cidadanía galega no exterior.

A Secretaría Xeral da Emigración xestiona diversos programas tendentes a potenciar e fornecer os vínculos coa nosa cultura dos galegos e galegas residentes fóra de Galicia, que executa a través da estrutura das entidades galegas do exterior. Estas entidades galegas son asociacións nas que tradicionalmente se reúnen as persoas emigrantes e as súas familias para manter vivos os costumes que nos son propios e fornecer os lazos sociais e culturais. Arredor destas asociacións réunese un gran número de persoas galegas, que son as axentes principais a través das que Galicia fomenta a súa cultura.

Así, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten previsto formalizar coa Hermandad Gallega de Valencia (Venezuela) un convenio que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír ao financiamento do custo derivado da asistencia ás persoas galegas acollidas no centro de día de titularidade desta última

En Venezuela residen máis de 30.000 persoas de orixe galega segundo os últimos datos do padrón de españois de residentes no estranxeiro. O país está a atravesar unha realidade social, política e económica que repercute negativamente no conxunto da sociedade e da que non se libran as persoas galegas que viven alí, as cales están abocadas a unha situación de carencia ou sofren unha falta real e operativa de mecanismos integrais de cobertura social e sanitaria.

A Hermandad Gallega de Valencia en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galegitude que, entre outros fins,



ten o de acoller ás persoas emigrantes galegas residentes na súa área xeográfica, así como a difusión dos valores tradicionais, sociais e culturais de Galicia nesa cidade.

Esta entidade está a realizar un salientable labor social dirixido á mellora da calidade de vida das persoas maiores pertencentes á colectividade galega emigrante. Para isto conta cun centro de día, instalación especializada onde un grupo de profesionais se dedica á prevención, tratamento e coidado das doenzas asociadas á idade. O centro presta atención médica e alimentaria e desenvolve, entre outros, programas de fisioterapia e actividades socio-asistenciais ao longo de toda a semana, o que permite que as persoas usuarias (que non se atopan nunha situación de total dependencia) pasen nos seus fogares as noites e as fins de semana e continúen vinculadas á súa contorna.

A Hermandad Gallega de Valencia é a entidade de referencia para a importante poboación de orixe galega residente nesa cidade e na súa área xeográfica de influencia. Esta poboación constitúe un colectivo potencialmente susceptible de beneficiarse dos programas e as actuacións que executa a Secretaría Xeral da Emigración, coa que a entidade está colaborando activamente.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non é posible promover a concorrência pública.

Para dar cumprimento ao obxecto deste convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará unha contía de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 na que existe crédito adecuado e suficiente.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

